

Anexo 7 Relativo as comunicacións mantidas coas direccións dos centros e os profesionais dos mesmos co fin de invitalos, animalos e agradecerlles a colaboración prestada nos parladoiros e nos cuestionarios.

Contido

Comunicacións para organizar os parladoiros	653
Texto do correo electrónico masivo, enviado aos profesionais da primeira infancia coa finalidade de invitalos a participar nos parladoiros.....	653
Texto do correo electrónico, masivo, enviado aos directores/as dos centros coa intención de invitalos a colaborar na organización dos “parladosiros”.....	655
Texto do correo individual enviado a unha directora dun centro	656
Comunicacións enviadas xunto co cuestionario.....	658
Texto da carta introducida no sobre no que enviei os cuestionarios dirixida aos profesionais.....	658
Texto da carta enviada aos directores/as dentro do sobre que contiña os cuestionarios.....	660
Correos electrónicos	661
Texto do correo aos directores/as de centro recordando o envío da documentación.....	661
Texto do correo aos profesionais.....	662
Texto do novo correo aos profesionais.....	662
Texto do correo aos compañeiros expresando a miña intención de facilitarlles a información dos resultados do seu cuestionario.....	663

Comunicacións para organizar os parladoiros

Texto do correo electrónico, masivo, enviado aos profesionais da primeira infancia coa finalidade de invitalos a participar nos parladoiros.

Estimada compañeira/o:

Son Manuel Carreira e estou desenvolvendo a miña tese doutoral sobre a “primeira infancia” especialmente no 0-3, asunto no que ti seguramente tes algo que dicir.

Debería coñecer cales son os aspectos do 0-3 que realmente máis interese e controversia suscitan entre os profesionais, coa intención de delimitar mellor o meu traballo de investigación.

Con este fin, estou organizando uns “parladosiros” onde poder escoitar as vosas opinións, inquedanzas, preocupacións, percepcións sobre o tema do 0-3.

A estrutura é moi sinxela, un grupo de 4, máximo 5 profesionais de diferentes centros, falando sobre a primeira infancia e eu escoitando, nada máis simple, iso si, cun pequeno guión (sen pechar) para non perdernos moito, que podería dirixir a conversa sobre temas como : os profesionais, os centro e as súas funcións, as accións de criar,coidar e educar, a conciliación.

Claro que para facer isto resulta imprescindible a túa disposición a participar en algún destes grupos, só sería pouco máis dunha hora.

Por favor, co fin de organizar os “parladosiros” enviame un correo a manuel.carreira@udc.es escollendo a data no que queredes participar.

- Parladoiro 1 Luns 28 de Novembro ás 17:30
- Parladoiro 2 Martes 29 de Novembro ás 17:00
- Parladoiro 3 Mércores 30 de Novembro ás 18:30
-

Os parladosiros celebraranse nunha das salas do centro “Uxío Novoneyra” e están restrinxidos aos participantes, polo que non asistirá público nin se fará publicidade algunha.

Se ás datas ou os horarios non se axustan as túas posibilidades pero tes interese por participar, por favor faimo saber.

Gustárame lembrarte, como supós, que sen a túa desinteresada contribución sería imposible levar adiante o traballo, polo que vaia a miña gratitude anticipadamente.

Texto do correo electrónico, masivo, enviado aos directores/as dos centros coa intención de invitalos a colaborar na organización dos “parladoiros”.

A/atención da directora do centro.

Bos días, son Manuel Carreira alumno do 3º Ciclo da facultade de CC. Da Educación da UDC en fase de elaboración da tese de doutoramento.

A miña tese ten como elemento central a “Primeira Infancia” especialmente os nenos/as de 0-3, sen dubida é este un tema no que os profesionais dos centros de infantil teñen moito que aportar.

Dentro da dinámica do meu traballo de investigación pareceume oportuno recoller dalgún xeito as opinións, as inquiredanzas, os intereses, as percepcións, os xuízos dos profesionais do 0-3.

Con tal fin, estou organizando uns “parladoiros” en toda Galicia que consisten basicamente en grupos de non máis de 5 profesionais que nun ambiente privado, sen público nin publicidade, departan sobre os asuntos que máis controversia ou interese lles suscita a “primeira infancia”.

En principio os citados parladoiros terán lugar nunha das salas do Centro Municipal “Uxío Novo Neira”, pero si no centro que vostede dirixe existe un grupo de profesionais interesados suficientes (tres, catro), non tería problema ningún en trasladarme e realizar nel a actividade en data e hora que máis lles conveña.

Prégolle que difunda entre os profesionais o documento adxunto no que os invito a participar nos “parladoiros”, e por suposto téñase vostede tamén por invitada.

Agradézolle de antemán a súa atención, e lle informo da miña disposición a escoitar cantas suxestións queira facerme sobre o tema.

Atentamente:

Manuel Carreira (manuel.carreira@udc.es)

Texto do correo individual enviado a unha directora dun centro

A/atención da directora do centro.

Bos días xxxxxxxxxxx son Manuel Carreira o compañeiro que te “abordou” e te solicitou o mail nas Xornadas de infantil da UDC.

Como te comentara, a miña tese ten como elemento central a “Primeira Infancia” especialmente os nenos/as de 0-3, sen dubida é este un tema no que os profesionais dos centros de infantil tedes moito que aportar.

Dentro da dinámica do meu traballo de investigación pareceunos oportuno recoller as opinións, as inquedanzas, os intereses, as percepcións e os xuízos dos profesionais do 0-3.

Con tal fin, estou organizando uns grupos de discusión que consisten basicamente en grupos de non máis de 4 ou 5 profesionais que nun ambiente privado, sen público nin publicidade, departan sobre os asuntos que máis controversia ou interese lles suscita a “primeira infancia”.

Obviamente, aínda que os profesionais teñen moito que dicir sobre estes aspectos non é doado que tomen a palabra, polo que aproveito a dispoñibilidade que mostraches comigo para propoñervos organizar uns destes grupos de discusión.

A estrutura do grupo é doada, simplemente se trataría de recoller as vosas opinións de temas tan diversos como as funcións das profesionais, dos centros, as accións educativas, a conciliación, as accións de coidado..., ou calquera outro que consideredes oportuno. En ningún caso me interesan os datos relativos a centros ou a individuos, non son obxecto do meu estudo e supoñerían unha dificultade para o obrigado mantemento do anonimato.

Un exemplo do xeito de transcribir os datos recollidos sería:

Unha profesional afirma “ *...o traballo de educador 0-3 está moi feminizado, o que significa automaticamente peor consideración profesional*” ; dúas compañeiras discrepan e inda que é certo a feminización da profesión non creen que sexa a razón dunha peor consideración profesional, di unha “ *.. a consideración profesional non se debe a que maioritariamente as traballadoras sexan mulleres, ademais eu síntome moi ben considerada, non moi ben pagada pero... senón te consideras ti quen te vai considerar ben...*” Noutro grupo de discusión tamén se apuntou a condición de xénero como razón para unha peor valorización do traballo cos nenos “ *... o feito de ser muller parece que te obriga a ser cariñosa e afectiva cos nenos...non é algo que se nós valore, queda oculto no traballo e supón unha parte importante que non se nós recoñece, si fora un home quen o fai todo serían (loubanzas)*”

Máis ou menos o traballo sería deste estilo, quedaría despois a inserción das opinións dentro do contexto da miña investigación tanto como refutación de hipóteses

ou confirmación das mesmas. É doado comprobar que en ningún caso a identidade do que fala se ve comprometida.

Perdoa xxxxxxxxxx se son excesivo coas miñas explicacións pero o Departamento no que fago a tese *Filosofía e Métodos de Investigación en Educación* me obriga a ser especialmente escrupulo neste sentido.

Sei que está semana dos festivos igual resulta un pouco pronto para organizar o grupo pero eu estou listo para cando me digades. Teriamos que concretar a data e a hora e si podemos facer o grupo na escola ou é necesario que solicite un local.

Agradézote de antemán a túa atención, e quero que coñezas a miña disposición a escoitar cantas suxestións queiras facerme sobre o tema.

Atentamente:

Manuel Carreira (manuel.carreira@udc.es)

Comunicacións enviadas xunto co cuestionario

Texto da carta introducida no sobre no que envíei os cuestionarios dirixida aos profesionais.

Estimados compañeiros/as, son alumno en fase de elaboración de tese do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación na Educación da UDC, escollín como tema de investigación o 1º Ciclo de Educación Infantil pois o meu desenvolvemento profesional está vinculado ao ensino de infantil, non tanto ao primeiro ciclo pero si ao segundo.

Entre os traballos que estou realizando figura un cuestionario dirixido aos profesionais directamente responsables dos nenos/as nos centros, que aborda unha serie de cuestión para coñecer as vosas opinións e percepcións en relación a diferentes asuntos.

Sen dúbida, sodes vós os protagonistas desta fase do meu traballo, sen a vosa inestimable colaboración resultárame imposible recoller o sentimento dos profesionais nas cuestións expostas. Tamén é certo que os estudos só os podemos facer coas respostas obtidas, desafortunadamente non temos ferramentas para recoller ou supoñer o sentir dos que non responden.

Seguramente, o cuestionario teña algunha imprecisión e nalgún caso non recolla todas as alternativas de resposta oportunas, por favor facédemo saber, empregade o espazo final para cantas suxestións queirades expresar, ou as contas de correo e teléfonos que anoto o final desta presentación.

Tamén en relación co mesmo tema estou realizando xuntanzas, “parladoiros”, con grupos de profesionais que queren expresar a súa opinión sobre aspectos relativos ao 0-3, se queredes participar nalgún destes grupos, ou organizar outros estou a vosa completa disposición.

Pola miña banda, entre as miñas pretensións figuran ser o máis obxectivo e veraz na transcripción das opinións e por suposto garantir o rispato escrupuloso ao anonimato da vosa colaboración, tanto no cuestionario como nas reunións dos grupos. Non teño o mais mínimo interese en empregar opinións persoais ou datos dun centro en concreto, o franqueo en destino, impide tan sequera coñecer a localidade de procedencia do sobre. En ningún caso a información será obxecto do outro uso diferente ao traballo de tese.

Só me resta agradecer anticipadamente a vosa colaboración e finalmente intentar que entendades que sen a vosa desinteresada axuda todo resultaría moito máis complicado.

Atentamente: Manuel Carreira López

manuel.carreira@udc.es

manuelcarreira@edu.xunta.es

mcarreiral@udc.es Tl. 982200311 (móbil 647101309)

Texto da carta enviada aos directores/as dentro do sobre que contiña os cuestionarios.

Estimado/a director/a, son alumno en fase de elaboración de tese do departamento de Filosofía e Métodos de Investigación na Educación da UDC, escollín como tema para a miña investigación o 1º ciclo de educación infantil pois o meu desenvolvemento profesional está vinculado ó ensino de infantil, non tanto ao primeiro ciclo pero si ao segundo.

Entre os traballos que estou realizando figura este cuestionario dirixido ós profesionais directamente responsables dos nenos/as nos centros (técnicos superiores, mestres e persoal habilitado) por suposto tamén vai dirixido a dirección do centro aínda que non teña atención directa cos nenos/as.

O cuestionario aborda unha serie de preguntas para coñecer as opinións e percepcións dos profesionais en relación a diferentes asuntos. Sen dúbida sodes vós os protagonistas desta fase do traballo.

Entendo o esforzo que supón atopar uns minutos de sosego, neste caso non máis de 15', para cumprimentar as respostas polo que agradezo de antemán a dedicación.

Eu síntome na obriga de recordar que o estudo que realizo debe de garantir o ríspeto escrupuloso a Lei de Protección de Datos e polo tanto asegurar o anonimato .Tamén, en ningún caso a información se desagregará por centro individual, nin será obxecto doutro uso diferente ao traballo de tese.

Pola súa condición de director/a atévome a realizarlle unha solicitude máis, por favor difunda os cuestionarios entre os profesionais do centro, facilitando a súa contestación de xeito particular e anónimo, recollendo e reenviando os mesmos no sobre adxunto, que como ben sabe non necesita selos.

Se necesitan máis cuestionarios, por favor fágamo saber a través dos mail ou teléfonos que adxunto, eu estarei encantado, non envío máis porque o exceso de peso no sobre me incrementa a tarifa de franqueo en case o triplo.

Para rematar sabede que sen a vosa dedicación me resultará imposible levar adiante o meu traballo, vós sodes xa, tamén parte do mesmo.
Moitas grazas

Atentamente: Manuel Carreira López

manuel.carreira@udc.es

manuelcarreira@edu.xunta.es

Tlf. 982200311 (móbil 647101309)

Correos electrónicos

Texto do correo aos directores/as de centro recordando o envío da documentación.

Estimado/a director/a son Manuel Carreira, con data de Mércores 3 de Maio remitín ao seu centro dende o Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación un sobre que contiña unha serie de cuestionarios destinados aos profesionais de atención directa cos nenos/as (Directores, Mestres, Técnicos Superiores e persoal habilitado).

Os cuestionarios son parte do meu traballo de tese que desenvolvo na Universidade da Coruña. Como facía referencia na carta que acompaña aos cuestionarios atrévome, outra vez, a solicitarlle a súa colaboración na mellor difusión entre o persoal do seu centro das enquisas, e facilitar a súa contestación de xeito individual.

Eu pola miña banda comprométome a difundir os resultados da enquisa aos centros os que lles solicitei os datos unha vez teña depurados e validados os mesmos.

No caso de non recibir a documentación mencionada e estar interesado en participar na cobertura das enquisas prégoles que mo faga saber, o mesmo se por calquera motivo, confusión no censo, erro no envío, vostede non dirixe un centro de infantil 0-3.

Agradezo a súa desinteresada colaboración e a de todos os seus compañeiros/as e pídolles desculpas pola insistencia.

Atentamente: Manuel Carreira

Texto do correo aos profesionais

Estimados compañeiros/as, grazas en primeiro lugar a todos/as os profesionais que responderon ao cuestionario, son coñecedor do esforzo e o tempo necesario para facelo, especialmente cando ademais incluídes comentarios, suxestións e reflexións tan atinadas como me estou atopando.

Espero ser capaz de cumprir coas expectativas e comparto a idea case xeneralizada de que o ciclo 0-3 sexa motivo dunha tese supón cando menos visibilizalo un pouco máis.

Gustárame insistir, aos que non o fixeron aínda, que estades a tempo de enviar as enquisas, canto maior sexa o número de resposta mellor poderei recoller as vosas percepcións en canto as cuestións referidas.

Tamén lembraros que debido a metodoloxía empregada na recollida dos datos non son capaz de coñecer cales son os centros que realizan o reenvío polo que me resulta imposible responder a cuestións expresadas nos cuestionarios ou a solicitudes de información sobre o meu traballo de teses, por favor realizade estas peticións a través das direccións de correo que adxunto e estarei encantando de responder.

Polo mesma razón anterior, os envíos de correos e as chamadas aos centros que estou facendo, non discriminan entre os que xa responderon ou non, desculpade polas molestias que estou ocasionando e de novo agradezo a vosa inestimable e imprescindible colaboración.

Atentamente Manuel Carreira

Texto do novo correo aos profesionais.

Estimados compañeiros/as, de novo me dirixo a todos/as intentando animaros a colaborar na elaboración do meu traballo de tese, que como sabedes inclúe un cuestionario no que podedes expresar a vosa opinión e percepción acerca dunha serie de cuestións sobre as que debedes maioritariamente sinalar o voso acordo ou desacordo.

Sei polas suxestións que me facedes chegar que nalgún caso as opcións non recollen todas as diversas sensibilidades dos profesionais, de aí a posibilidade que brindo a realizar cantas anotacións e suxestións estimes oportunas.

A miña pretensión, non é outra que construír unha radiografía das vosas respostas o máis fiel posible a realidade, razón pola que me atrevo, se aínda non o tedes feito e sabendo que me fago pesado, a invitarvos a participar devolvendo os cuestionarios cubertos, no sobre adxunto, cantas máis respostas obteña o erro da mostra será menor.

Agora que estou iniciando a depuración e validación dos datos comprobo o esforzo e dedicación empregado e agradezo inmensamente o voso tempo. Gustaríame facelo de xeito individual a todos/as os que dalgún xeito identificádesvos nas respostas, ben cunha tarxeta do centro, cun tríptico, ou escribindo directamente o remite no sobre ou no cuestionario. Resulta certamente gratificante que aínda sendo un cuestionario anónimo mostredes persoalmente o voso apoio o meu traballo, espero corresponder facendo un pouco máis visible unha profesión que merece unha maior estimación social, e que de seguro iremos conseguindo paseniño coa nosa acción diaria.

Parabéns, e novamente desculpas e moitas grazas.

Texto do correo aos compañeiros expresando a miña intención de facilitarlles a información dos resultados do seu cuestionario.

Estimadas compañeiras/os, si, son eu de novo, Manuel Carreira o compañeiro que aló polo mes de maio enviou un cuestionario os centros solicitando colaboración para a elaboración da miña tese. Non esquecín que vos prometín, a todas/os, información dos resultados das enquisas.

Estou encantado de ter que validar, depurar, e cargar 586 cuestionarios, que son os que recibín, moitas grazas, pero estame levando un pouco máis de tempo do previsto. En canto teña as estatísticas con todas as respostas non dubidedes que cumprirei a miña palabra. Non podo anticipar unha data, eu compaxino a investigación co traballo diario no meu centro, espero que nas vacacións de Nadal poda adiantar tarefa, e no primeiro trimestre do próximo ano ter un informe preliminar dos resultados.

Moitas grazas pola vosa colaboración, atendo calquera suxestión que queirades facerme.

Unha aperta